

O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, a través da súa voceira Mar Barcón Sánchez, ao abeiro do artigo 51 do Regulamento Orgánico Municipal do Concello da Coruña, presenta a seguinte **MOCIÓN** para o seu debate en pleno relativa a CUAC FM, a única radio comunitaria da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os medios comunitarios, ou segundo a terminoloxía empregada pola Unión Europea e outras institucións internacionais, o Terceiro Sector da Comunicación, está composto por medios de comunicación sen ánimo de lucro, que destinan os seus ingresos íntegramente ao propio proxecto, sen que exista reparto de beneficios.

Están orientados a satisfacer as necesidades de comunicación, e a habilitar o exercicio do dereito á información e liberdade de expresión das persoas integrantes de comunidades determinadas, sexan estas territoriais, etnolingüísticas, ou de intereses, ante as que son responsables.

Están abertos á participación o máis ampla posible respecto á propiedade do medio e o acceso á emisión, así coma ás diversas decisións de programación, administración, operación, financiamento e avaliación, e teñen establecidos criterios transparentes para este acceso. Non realizan proselitismo relixioso nin partidista, o que non impide que poidan tratar o feito relixioso ou expresar opinións políticas nos seus programas.

A súa xustificación xurídica arranca no artigo 19 da Declaración Universal de Dereitos Humanos, que di: "Todo individuo ten dereito á liberdade de opinión e de expresión; iste dereito inclúe o de non ser molestado a causa das súas opinións, o de investigar e recibir informacións e opinións e o de difundilas, sen limitación de fronteiras, por calquera medio de expresión".

Son moitas as declaracións e convenios internacionais que recollen aos medios comunitarios coma un dereito da cidadanía e coma elemento democratizador, entre outras a Declaración de Maputo sobre Promover a Liberdade de Expresión, o Acceso á Información e a Emancipación das Persoas; reiterados informes dos Relatores para a Liberdade de Expresión da ONU e a OSCE; a Declaración do Comité de Ministros do Consello de Europa sobre o rol dos medios comunitarios para promover a cohesión social e o diálogo intercultural de 2009 ou, salientablemente, a Resolución do Parlamento Europeo, de 25 de setembro de 2008, sobre os medios do Terceiro Sector da Comunicación.

Cuac FM é a radio comunitaria da Coruña, sendo a única emisora de radio representativa do Terceiro Sector da Comunicación na nosa cidade. Leva en funcionamento dende o 27 de marzo de 1996 e pertence á Asociación Cultural Colectivo de Universitarios Activos. Calquera persoa ou colectivo pode participar da súa programación e da xestión da emisora. Ao longo destes 16 anos, pasaron por

CUAC FM 393 programas diferentes, e o número de proxectos de programa rexeitados ascende a 0, o que é mostra da súa pluralidade.

A Secretaría Xeral de Medios da Xunta ven de convocar no DOG de 30 de xullo, o concurso de licenzas para a FM. Un concurso co que pretende repartir todo o espectro radioeléctrico dispoñible na Comunidade Autónoma (84 licenzas), excluindo explicitamente que tales licencias podan destiñarse a Servizos Comunitarios de Comunicación Audiovisual Radiofónica sen ánimo de lucro.

Entendemos que tal decisión vulnera o dereito a recibir unha comunicación audiovisual plural previsto no artigo catro da **Lei 7/2010 Xeral de Comunicación Audiovisual**, que establece:

CAPÍTULO I. LOS DERECHOS DEL PÚBLICO.

Artículo 4. *El derecho a recibir una comunicación audiovisual plural.*

1. Todas las personas tienen el derecho a que la comunicación audiovisual se preste a través de una pluralidad de medios, tanto públicos, comerciales como comunitarios que reflejen el pluralismo ideológico, político y cultural de la sociedad. Además, todas las personas tienen el derecho a que la comunicación audiovisual se preste a través de una diversidad de fuentes y de contenidos y a la existencia de diferentes ámbitos de cobertura, acordes con la organización territorial del Estado. Esta prestación plural debe asegurar una comunicación audiovisual cuya programación incluya distintos géneros y atienda a los diversos intereses de la sociedad, especialmente cuando se realice a través de prestadores de titularidad pública.

E consideramos tamén que a decisión da Xunta de Galicia de impedir que os Servizos Comunitarios de Comunicación Audiovisual Radiofónica sen ánimo de lucro, coma CUAC FM, non podan optar a unha licenza lesiona o dereito fundamental a comunicar, recoñecido no artigo 20 da nosa Carta Magna.

Constitución Española:

Artículo 20. *Se reconocen y protegen los derechos:*

1. a) *A expresar y difundir libremente los pensamientos, ideas y opiniones mediante la palabra, el escrito o cualquier otro medio de reproducción.*
- d) *A comunicar o recibir libremente información veraz por cualquier medio de difusión. La Ley regulará el derecho a la cláusula de conciencia y al secreto profesional en el ejercicio de estas libertades.*

A todo isto hai que engadir que a Xunta carece de competencias para sacar a concurso máis licenzas, depende de que o Goberno do Estado faga unha nova planificación, con data sen determinar. Incluso podería acontecer que nunca se produza, xa que aínda que se descoñecen os prazos, sí hai certeza de que cada vez falta menos para o apagón analóxico na radio, o que podería deixar ós medios comunitarios fora do dial.

No intre en que este concurso se resolva, e queden repartidas todas as frecuencias planificadas, quedará esgotado o espectro radioeléctrico en Galicia e por tanto as radios comunitarias, representadas na nosa cidade por Cuac FM, poderían verse abocadas á desaparición na frecuencia modulada, posto que se atoparía nunha situación de indefensión respecto de intromisións de terceiros con ou sen título habilitante, ou incluso ante accións arbitrarias da Administración, o que as obrigaría a acudir ó abeiro dos tribunais para defender os dereitos da cidadanía.

Polo exposto, o Grupo Municipal Socialista presenta e propón para o seu debate e aprobación en Pleno o seguinte acordo:

Primeiro: Instamos ao señor alcalde a que solicite á Xunta de Galicia a rectificación do concurso de licenzas para a FM, co que se pretende repartir todo o espectro radioeléctrico dispoñible en Galicia (84 licenzas), excluindo explicitamente que a tales licenzas poidan ter acceso os Servizos Comunitarios de Comunicación Audiovisual Radiofónica sen ánimo de lucro. De manterse o concurso nos actuais termos podería supoñer a desaparición na frecuencia modulada de CUAC FM, a única emisora de radio comunitaria da Coruña, e por tanto a única que representa o Terceiro Sector da Comunicación na nosa cidade, por non falar do resto das emisoras comunitarias da Comunidade Autónoma.

Segundo: Instamos ao señor alcalde a que reclame da Xunta de Galicia e do Goberno do Estado o cumprimento de xeito real, actual e efectivo do artigo 19 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos; a Declaración de Maputo sobre Promover a Liberdade de Expresión, o Acceso á Información e a Emancipación das Persoas; as recomendacións na materia dos Relatores Especiais para a Liberdade de Expresión da ONU e da OSCE (que recomentan o reparto equitativo do espectro radioeléctrico entre medios públicos, privados comerciais e comunitarios); así como a Declaración do Comité de Ministros do Consello de Europa sobre o rol dos medios comunitarios para promover a cohesión social e o diálogo intercultural de 2009; a Resolución do Parlamento Europeo de 25 de setembro de 2008 sobre os medios do Terceiro Sector

da Comunicación; os artigos 20.1 apartados a) e d) da Constitución Española; o artigo 4 da Lei Xeral de Comunicación Audiovisual; e a sección terceira do Decreto da Xunta de Galicia 102/2012. Normas e declaracións todas elas coincidentes no papel socialmente beneficioso e imprescindible que xogan os medios do Terceiro Sector da comunicación.

Terceiro: Demandamos ao Goberno municipal que solicite da Secretaría Xeral de Medios da Xunta, e da Secretaría de Estado de Telecomunicaciones y para la Sociedad de la Información, unha reserva de espazo radioeléctrico suficiente, e unhas licenzas de emisión que garantan unhas condicións dignas de prestación dos servizos audiovisuais comunitarios sen ánimo de lucro, en igualdade cos outros operadores, e tendo en conta as peculiaridades do Terceiro Sector da Comunicación.

E cuarto: Instamos o señor alcalde a que faga unha declaración institucional de apoio a CUAC FM, a radio comunitaria de A Coruña, polo seu labor no eido da alfabetización mediática, o vertebramento do tecido asociativo, a dinamización social e cultural e a especial atención ós colectivos desfavorecidos e á sociedade civil organizada. Tamén pola súa contribución ao Terceiro Sector da Comunicación impulsando a Rede Galega de Radios Libres e Comunitarias, e a Red de Medios Comunitarios a entidade estatal máis representativa do sector, cuxa sede está na nosa cidade.

Mar Barcón Sánchez.


Voceira do Grupo Municipal Socialista.

A Coruña, 7 de setembro de 2012.